

# A experiencia da educación para o desenvolvemento en Portugal

*CIDAC*

A educación para o desenvolvemento en Portugal está, de diversas maneiras, estreitamente vinculada á experiencia histórica da ditadura e das relacións externas progresivamente datadas durante o período colonial. A censura, a represión e o illamento internacional impediron o normal desenvolvemento da sociedade civil, afastaron e destruíron moitos dos seus actores (individuais e colectivos) máis dinámicos e reduciron o mundo a un conxunto de territorios sobre os que o réxime detiña o poder político e económico. Aínda hoxe a maduración da sociedade civil está marcada, nalgúns sectores, por unha lentitude e unha segmentación significativas, continuando a xirar, no que atinxe ás relacións co mundo en desenvolvemento, arredor dos lazos creados coas sociedades das antigas colonias (a semellanza do que acontece con outros países que foron potencias coloniais).

Poden considerarse precursoras dunha intervención no ámbito da educación para o desenvolvemento varias iniciativas, na súa maior parte clandestinas, protagonizadas sobre todo por estudantes e elementos activos ligados ás Igrexas católica e protestante, co obxectivo de informar á opinión pública nacional sobre as realidades dos territorios baixo dominio portugués e a condución da guerra colonial, co obxectivo de contribuír para crear unha conciencia crítica e unha vontade de acción pola paz e pola xustiza. Nesta altura, o vencello a ONGs e grupos de información europeos revelouse crucial, quer do punto de vista da aprendizaxe coa súa experiencia de actuación e de recollida de datos, quer no referido ao apoio político e, por veces mesmo, financeiro. A referencia emblemática foi, na perspectiva da educación para o desenvolvemento, o recoñecido Angola Comité, de Amsterdam.

Despois do 25 de Abril, algunhas asociacións, nomeadamente as herdeiras das estruturas de estudantes e outros cidadáns oriúndos das colonias portuguesas, que elixiran como centro da súa actividade a esixencia do recoñecemento do dereito á independencia dos territorios coloniais, desenvolveron un conxunto de accións de sensibilización e *lobbying* con algunhas repercusións na sociedade de entón, sobre todo en Lisboa.

Durante a década seguinte, a intervención seguiu por dous camiños: dunha banda, comezaron a ter lugar actividades de información e formación sobre as culturas e sobre a evolución política, económica e social dos cinco países recen independizados, destinadas a un público diversificado interesado e, máis especificamente, a cooperantes portugueses; por outra, naceron e afirmáronse, en graos

e formas diferentes, pero sempre facendo un chamado aos obxectivos e ás metodoloxías da educación para o desenvolvemento (aínda sen recoñecela explicitamente como tal), unha serie de “grupos de solidariedade” cos pobos en loita pola súa liberdade (entre outros, o Comité Portugués de Apoio á Fronte Polisaria, o Grupo de Solidariedade con Eritrea, a Comisión para os Dereitos do Pobo Maubere/CDPM, o Grupo de Solidariedade con América Latina/GSAL, o Comité Portugués de Loita contra o Apartheid).

A entrada de Portugal na Comunidade Económica Europea (1986) abriu novas posibilidades de actuación, en especial ás ONGDs, que se reuniron nunha Plataforma Nacional en marzo de 1985 (contando nese momento con 13 membros) e que pasaron a ter acceso a unha liña de financiamento (creada en 1976 e posteriormente reformulada baixo a designación de B7-6000 e máis recentemente denominada de 21.02.03), especificamente dedicada a proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de educación para o desenvolvemento de responsabilidade de ONGD europeas.

Para alén do financiamento, a participación da Plataforma Nacional das ONGDs no Comité de Enlace das ONGD Europeas, constituíu igualmente unha nova oportunidade, ao facilitar o coñecemento dun vasto abano de experiencias e o contacto con outros actores, así como a inserción portuguesa na discusión das políticas europeas e nas accións de *lobbying* e de influencia que semellantes mecanismos desenvolven. Namentres, este proceso de troca, de aprendizaxe e participación ten sido lento, comezando agora a dar os seus froitos.

O final dos anos 80 e a década dos 90 viron xurdir temas máis globais (a loita pola paz en tempo de endurecemento da guerra fría, ou máis recentemente as campañas pola cancelación da débeda externa dos países máis pobres, loita contra o traballo infantil, non proliferación de armas lixeiras, papel da muller na resolución de conflitos...), algunhas tentativas interesantes, pero puntuais, de elaboración de materiais pedagóxicos e de investigacións sectoriais, e outros actores (en particular, profesores e comunidades escolares, algúns grupos relixiosos, incluíndo nos últimos tempos parroquias, e asociacións xuvenís, así como a implicación máis directa de parceiros do Sur na definición e concreción das accións). A grande e peculiar experiencia desta fase foi, sen dúbida, a da mobilización a escala nacional en apoio dos dereitos do pobo timorense, que marcou a sociedade portuguesa e modelou a política governamental nesta materia.

No inicio deste novo século, verificase na sociedade civil un interese máis amplo polos contidos tratados pola educación para o desenvolvemento, unha necesidade de afondar, sistematizar e partillar coñecementos e metodoloxías de intervención e de adherir a outras temáticas. Un bo exemplo é quizais o do impacto nas accións no ámbito do comercio xusto que comezou a dar os seus primeiros pasos a nivel nacional hai preto de cinco anos e viu emerxer, no final de 2001, a súa primeira estrutura coordinadora, que se legalizou en 2003 coa denominación de Coordinadora Portuguesa do Comercio Xusto.

## O papel das ONGD

A educación para o desenvolvemento (ED) constitúe unha das tres áreas específicas de intervención das ONGD, á par da cooperación para o desenvolvemento e a axuda humanitaria e de emerxencia (ver Lei nº 66/98 de 14 de outubro) que, a pesar de todo, non é suficientemente clara en canto ao concepto de ED. Aínda a sabendas de que todos os sectores da sociedade civil poidan e deban promover a ED, o feito de esta inserirse na propia misión das ONGD confírelles especiais responsabilidades. Por outra banda, como xa foi subliñado, existe unha interligazón entre as experiencias de cooperación para o desenvolvemento e a práctica da ED, o que é indicio, unha vez máis, do papel recoñecido ás ONGD neste ámbito.

Mentres, un factor clave para concretar os obxectivos da ED é o da alianza entre varios actores, a través da participación en campañas ampliadas e da construción de parcerías. Os protagonistas e as súas relacións varían en función de cada lugar e de cada momento, pero a necesidade de compartir saberes e papeis mantense sempre.

En Portugal, non chegan a dez as ONGD que recoñecen intervir no dominio da ED, procurando acadar públicos previamente seleccionados e tentando afondar temáticas e metodoloxías. Entre 1987 e 1999, apenas catro ONGD portuguesas tiveron proxectos aprobados no ámbito da liña de co-financiamento europeo B7-6000. Outras realizaron accións que se poden encadrar no ámbito da ED, pero non se reclaman dela, sexa por falta de coñecemento ou de clarificación do concepto, ou por consideraren a súa actuación demasiado puntual e dispersa. Nótase, a pesar diso, un crecente interese por esta perspectiva de intervención, que é importante saber identificar e apoiar.

As razóns máis específicas para esta debilidade radican na falta de recoñecemento da ED na sociedade portuguesa, no seo da que persisten demasiados mitos e malentendidos en canto ás relacións do noso país co mundo (permanentemente actualizados pola comunicación social e frecuentemente pola clase política) e onde as decisións son tomadas, a maior parte das veces, sen calquera sistematización de coñecementos e reflexión ponderada. Acrecentan a propia fraqueza do movemento asociativo en xeral, e as dificultades de supervivencia das ONGD, en particular, á par da inexistencia de apoios dedicados á promoción da ED (quer financeiros, quer na área das referencias como, por exemplo, centros de documentación e de recursos especializados) e da falta de tradición de traballo compartido e asociado.

A pesar diso, é posíbel trazar un cadro dos principais elementos que caracterizan a experiencia das ONGD portuguesas nesta materia:

- En canto aos grupos actores: profesores e estudantes, mozos, animadores culturais, xornalistas, opinión pública en xeral.
- En canto ás temáticas desenvolvidas: introdución ao concepto e ás prácticas da ED, cooperación ao desenvolvemento, loita contra a pobreza, realidades de certos

países en concreto (case exclusivamente os países de lingua oficial portuguesa), migracións, comercio xusto e consumo responsábel.

- En canto ao tipo de accións: organización de seminarios e coloquios, promoción de accións de formación (a varios niveis), produción/edición de publicacións e de materiais audiovisuais de sensibilización e didáctico-pedagóxicos, creación de contidos para Internet e realización de campañas inseridas nunha estratexia internacional (casos da Marcha Global contra o Traballo Infantil, Mulleres construíndo a Paz, Educación para Todos ate 2015, Campaña contra as armas lixeiras).

## **O papel da Plataforma Portuguesa das ONGD**

Dende o seu inicio, en 1985, a Plataforma elixe un representante para participar no Grupo de Traballo sobre ED do Comité de Enlace (agora CONCORD), pero o primeiro impacto serio a nivel nacional desta participación foi a realización, en Lisboa, da segunda sesión do Fórum de ED, en 1996, na que estiveron presentes os delegados das restantes 14 Plataformas Estatais, membros do Comité de Enlace e do respectivo Secretariado e funcionarios da Comisión Europea. Nesa altura realizouse o primeiro intercambio de experiencias de proxectos de ED, a partir da presentación das accións en curso.

A segunda contribución do Fórum de ED europeo, foi a oportunidade brindada a representantes das ONGD portuguesas para participar en varias edicións das Escolas de Verán de ED, organizadas anualmente polo Comité de Enlace, en colaboración coa Plataforma Estatal do país de realización do encontro, para poñer en contacto educadores para o desenvolvemento de varios países (incluíndo os países candidatos á adhesión), co obxectivo de promover o coñecemento mutuo, compartir experiencias e perfeccionar a metodoloxía de intervención. En catro realizacións, entre 1997 e 2000 (en 2001 e 2002 a Escola non se realizou por mor de problemas financeiros), que tiveron lugar sucesivamente en Reino Unido, Italia, Francia e Austria, participaron 20 membros de 16 ONGD portuguesas e un integrante do Secretariado da Plataforma. Desta inmersión nas realidades doutras organizacións e espazos nacionais xurdiu a idea de lanzar unha iniciativa semellante en Portugal que deu orixe ás Escolas de Outono de ED.

Unha terceira consecuencia desta vinculación europea concretouse na inscrición dalgunhas actividades a nivel nacional nas liñas de traballo e campañas coordinadas polo Comité de Enlace. En 1997 e 1998 a Plataforma organizou sesións de traballo internas e un coloquio sobre a Convención de Lomé, seguindo, entre o último trimestre de 1999 e o terceiro de 2000, simultaneamente co exercicio portugués da Presidencia europea, a realización de un proxecto de ED, centrado nas temáticas do Acordo de Parcería UE-ACP (asinado en Cotonou en xuño de 2000) e do impacto do alongamento sobre as políticas de cooperación europea. No conxunto de accións que o proxecto desenvolveu, co apoio financeiro da Comisión Europea e do goberno por-

tugués e en estreita colaboración coas Plataformas de ONGD dos países da *troika* (Finlandia e Francia), participaron representantes da sociedade civil de países comunitarios, candidatos á adhesión e do Sur, membros do Executivo portugués e funcionarios da Comisión Europea.

Finalmente, as accións de formación promovidas pola Plataforma nos últimos anos, no marco de dous proxectos liderados polo Comité de Enlace, financiados pola Comisión Europea e coparticipados polos seus destinatarios, proporcionaron unha mellor comprensión de como as institucións comunitarias ven a ED e un coñecemento sistematizado da liña B7-6000.

En setembro de 1999, atendendo un convite da Plataforma de ONGD de Castela León, un grupo de ONGD portuguesas participou, en Salamanca, nun intercambio ibérico transfronteirizo de actividades de ED, que viu a confirmar as potencialidades do estreitamento de relacións entre os dous países a este nivel. O encontro previsto para o ano seguinte, responsabilidade da Plataforma portuguesa, non se levou adiante por dificultades de orde financeira.

No primeiro trimestre de 2001, a Plataforma constituíu o seu primeiro Grupo de Traballo permanente, dedicado á ED. Tendo como antecedente as experiencias referidas, tratábase de crear unha dinámica nacional, máis próxima aos intereses e ás preocupacións das ONGD portuguesas. Neste ano inaugural, o Grupo organizou unha sesión de reflexión sobre o voluntariado na perspectiva da ED e a I Escola de Outono de ED, participando igualmente na preparación e nas accións de *lobbying* a favor da aprobación, polo Consello de Ministros de Desenvolvemento da UE, dunha resolución sobre ED. No seguimento da adopción deste documento de referencia, o Grupo promoveu contactos institucionais con vistas a mobilizar ás autoridades estatais (en particular aos secretarios de estado dos Negocios Estranxeiros e da Cooperación e da Xuventude e o Deporte, así como ao ministro da Educación) para o necesario recoñecemento da ED e o apoio efectivo a proxectos nesta área.

En 2002 realizouse a II Escola de Outono de ED, que se centrou sobre a elaboración dunha definición de ED e unha reflexión sobre unha potencial estratexia nacional de ED. 2003 foi un ano de extremada importancia para o Grupo de ED da Plataforma e para a ED en Portugal. En efecto, a Plataforma aceptou o desafío de organizar a Escola de Verán europea, en estreita colaboración cos promotores do DEEEP (*Development Education European Exchange Projet*), animado por un consorcio de catro ONGD, ITECO (Bélxica), *Taksvärkki* (Finlandia), UCODEP (Italia) e DEA (Reino Unido), co apoio e en coordinación do Fórum da Educación para o Desenvolvemento do CONCORD (Confederación Europea das ONG de emerxencia e de desenvolvemento).

As avaliacións dos case 130 participantes dos 15 países da UE, dos 10 países da adhesión e de 10 países do Sur foron en boa medida unánimes sobre a gran calidade, tanto organizativa como a nivel dos contidos, da Escola portuguesa. O impacto deste acontecemento tivo e ten repercusións importantes na participación portuguesa

nos debates europeos sobre a temática da ED, a partir da participación de varios membros do Grupo ED nos grupos de traballo temáticos dinamizados polo DEEEP.

### **Tendencias actuais: forzas e fraquezas.**

---

O crecente interese da sociedade portuguesa e da mocidade, en particular, por temas máis globais como a loita contra a pobreza, as comunidades “migrantes” e a solidariedade internacional, constitúe un punto de apoio fundamental para o reforzo da ED. En sentido inverso xogan a degradación da situación na maioría dos países de lingua oficial portuguesa, que permanecen como centros de referencia para a percepción e vinculación ao mundo en desenvolvemento, e o papel dos medios de comunicación.

O lanzamento, en 1998, das bases para unha nova política de cooperación a nivel nacional foi brutalmente trabada cos cambios estruturais e estratéxicos que sucederon á creación do IPAD (Instituto Portugués de Axuda ao Desenvolvemento), polo que se manteñen varias incoherencias que non facilitan o cambio de actitudes e a cualificación das accións, incluíndo o recoñecemento e o apoio á intervención en ED.

A iniciativa por parte doutros actores máis alá das ONGD (como xa se citou, sobre todo vinculados ao medio escolar, asociacións xuvenís e institucións relixiosas) é un factor moi positivo, que precisa de ser alimentado de forma sistemática e coherente. Pero, en relación a outros países, nótase a falta dunha participación activa neste dominio das organizacións sindicais e dos centros académicos, neste último caso esencial para o desenvolvemento apropiado de temáticas que son cada vez máis complexas.

No caso das ONGD, verifícase unha tendencia para a súa progresiva “profesionalización”, se ben sempre no marco de recursos extremadamente escasos e incertos, o que limita fortemente as potencialidades de actuación nunha perspectiva de medio e longo prazos, esencial para a práctica da ED, así como a autoconfianza dos seus actores e a predisposición para a intervención en réxime de colaboración ou parcería.

As fontes de financiamento para a ED accesíbeis ás ONGD teñen sido basicamente europeas (a través da liña B7-6000 / 21.02.03), pero os seus criterios e prioridades son cada vez máis complexos, fronte a un número exponencial de candidaturas, o que representa unha seria dificultade para as organizacións portuguesas. A nivel nacional non houbo, ata aquí, ningunha definición específica, o que significa que a aprobación de proxectos de ED no ámbito do IPAD simplemente non existe. Namentres, as últimas Direccións, quer do ICP (Instituto da Cooperación Portuguesa), quer do IPAD comprometéronse, desde 2001, a abrir unha liña de financiamento dedicada a proxectos de ED de iniciativa das ONGD, pero a súa concreción foi sistematicamente adiada.

A participación directa de parceiros do Sur, sobre todo na fase de concepción, pero tamén na de realización de proxectos, considerada hoxe como un factor esencial para acadar os obxectivos da ED, é aínda relativamente pouco frecuente, sexa pola inexistencia desta visión, sexa por razóns de orde financeira.

Son, xustamente, os parceiros do Sur con máis experiencia, os que viñeron solicitar aos seus conxéneres do Norte un reforzo das accións de sensibilización e *lobbying* dirixidas á defensa dos dereitos dos pobos do mundo en desenvolvemento, sexa no ámbito multilateral (cancelación da débeda, acceso ao mercado internacional, por exemplo, a medicamentos esenciais a baixo custo, apoio á democratización e á prevención de conflitos, etc), sexa bilateral (por exemplo, volume, calidade e prioridades da cooperación, entre outros). Mentres tanto, as organizacións portuguesas demostran aínda unha fraca capacidade neste dominio, inseríndose sobre todo na lóxica da participación (limitada) en campañas internacionais cunha formulación de obxectivos, recollida e tratamento da información de soporte, dispoñibilidade de materiais e suxestións de metodoloxías de actuacións que están, a priori, garantidas.

### **Observación en vez de conclusión: na ED, a forma é contido ...**

---

A perspectiva pedagóxica e metodolóxica reviste, no marco da ED, a maior importancia. A ED, que realza os valores de solidariedade, de cooperación, da mirada crítica, de participación, adáptase mal aos métodos convencionais xerárquicos e individualistas de transmisión vertical do coñecemento. As propias metodoloxías utilizadas son, ao mesmo tempo, contidos formativos. No ámbito da ED, non existe un formador que o sabe todo e un formando pasivo, un emisor e un receptor, senón un grupo que intenta producir coñecemento a través da participación, de compartir, de escoitar a cada un. Do mesmo modo, a ED defende que non existe un único modelo de desenvolvemento, un pensamento único, e máis ben afrontamos realidades complexas sobre as que cada un de nós ten a responsabilidade de actuar na perspectiva da construción dun mundo sustentábel e equitativo. Promover a participación sen aplicala nos propios responsábeis formativos sería unha negación do propio concepto da ED.

---

*CIDAC, Centro de Intervención para o Desenvolvemento Amílcar Cabral.*

## **Recursos na Rede en ED (Portugal)**

---

Centro Norte-Sur do Consello de Europa  
[http://www.coe.int/T/E/North-South\\_Centre/](http://www.coe.int/T/E/North-South_Centre/)

CIDAC  
<http://www.cidac.pt/>

CNJ-Conselho Nacional da Juventude  
<http://www.cnj.pt/>

Instituto de Inovação Educacional do Ministerio da Educação  
<http://www.iie.min-edu.pt/>

Forum DC  
<http://www.forumdc.net/>

Odisseia 2000  
<http://www.portugalnet.pt/>

Oikos  
<http://www.oikos.pt/>

Plataforma Portuguesa das ONGD  
<http://www.plataformaongd.pt/>

Secretariado EntreCulturas do Ministerio da Educação  
<http://www.sg.min-edu.pt/entreculturas>